



CHICAS NUEVAS 24 H

O centro dentro das actividades previstas no Contrato Programa Inclue-T participa na proposta do Concello que se desenvolverá na Casa da Cultura de Valdoviño.

A actividade tivo unha duración de dúas horas e media con cada grupos e tivo como eixe conductor o documental de Mabel Lozano “Chicas Nuevas 24H” sobre a prostitución, e consistiu na visita a unha exposición, o visionado do documental e unha charla posterior.



O documental realiza unha investigación en cinco países (Arxentina, Colombia, Paraguai, Perú e España) sobre o negocio da escravitude sexual, a través do testemuño de mulleres e nenas.

Reconstrúe así un negocio que move 32 mil millóns de dólares ao ano. A ONU calcula en 2,4 millóns as vítimas de trata de seres humanos, das cales o 79 % son mulleres e nenas que foron introducidas en Europa para ser explotadas sexualmente.

Enganadas coa promesa de conseguir unha vida mellor, son explotadas sexualmente contra a súa vontade. Concienciar a Gobernos, medios de comunicación e cidadanía pode axudar a erradicar a escravitude sexual.

Premios

2015: Premios Goya: Nomeada a mellor documental.

2016: Premios Platino: Nomeado a mellor documental.4

As quedas para a realización da actividade foron as seguintes:

Martes 19 de marzo:

De 10.00 a 12.30 h: 3º ESO A

De 12.30 a 15.00 h: 3º ESO C

Mércores 20 de marzo:

De 10.00 a 12.30 h: 3º ESO B + 4º ESO C

De 12.30 a 15.00 h: 4º ESO A + 4º ESO B





